

Texto e ilustracións: **VANINA STARKOFF**


Tradución: **MANUELA RODRÍGUEZ**

Encadernado en cartóné. 22x30 cm. 48 páxinas.

Ilustracións en color. Dispoñible en:

- Galego: "Bailar nas nubes"
MareMar. ISBN 978-84-8464-742-3
- Castelán: "Bailar en las nubes"
Libros para Soñar. ISBN 978-84-8464-743-0
- Catalán: "Ballar amb els núvols"
Kalandraka-Hipòtesi. ISBN 978-84-937469-8-8
- Euskera: "Hodeiekin dantzan"
Kalandraka-Pamiela. ISBN 978-84-7681-649-3
- Italiano: "Ballare sulle nuvole"
Libri per Sognare. ISBN 978-88-95933-34-4
- Inglés: "Dancing in the clouds"
Books for dreaming. ISBN 978-84-8464-745-4
- Portugués: "Dançar nas nuvens"
Livros para Sonhar. ISBN 978-989-8205-39-1

Prezo: 16,50 €



BAILAR NAS NUBES

FINALISTA DO III PREMIO INTERNACIONAL COMPOSTELA DE ÁLBUM ILUSTRADO 2010

Todas as mañás saía da miña casa para ver as nubes. O meu sonho era bailar con elas algún día. A miña nai dicía que me esquecese diso, que só os paxaros eran quen de totalas. Pero eu porfiaba...

A través do sonho dunha nena que desexa bailar coas nubes, este libro reflexiona sobre a importancia do intercambio cultural e do respecto entre persoas de diferentes procedencias. As súas páxinas, nas que se aprecia unha presenza constante do folclore latinoamericano, contan a historia dun pobo que vai crescendo co paso do tempo, con novos habitantes que constrúen fogares e comparten experiencias colectivamente.

Dende o punto de vista artístico, "Bailar nas nubes" é un álbum de estilo naïf e étnico, con ilustracións luminosas, exóticas e rebordantes de colorido. O texto, de frases breves e descritivas, ten un enfoque acumulativo: con cada novo veciño, a comunidade enriquecese en costumes, músicas e aromas.

Conceptos como mestizaxe, tolerancia, convivencia e multiculturalidade sobrevoan esta obra, finalista do III Premio Internacional Compostela de Álbum Ilustrado. E como á nena protagonista, tamén lles dá ás aos lectores para que non deixen de perseguir os seus propios sonhos.

VANINA STARKOFF (Arxentina, 1981)

Estudou Deseño Gráfico na Universidade de Bos Aires. En 2005 comezou a formarse como ilustradora

na escola de arte Sótano Blanco, con José Sanabria. Actualmente é asistente do obradoiro Procesos Creativos, que coordina Sanabria nese mesmo centro de formación, onde Vanina Starkoff imparte o curso de ilustración dixital infantil. Tamén traballa de ilustradora e deseñadora independente. Colabora con editoriais e revistas de varios países.



■ **Temática:** conto idealista sobre o perseguimento dos sonhos

■ **Idade recomendada:** a partir de 7 anos

■ **Aspectos destacables:** finalista do III Premio Internacional Compostela de Álbum Ilustrado 2010; relato acumulativo de tipo descriptivo; ilustracións de estilo naïf

■ **Aplicacións:** multiculturalidade, mestizaxe; cidades, convivencia social, relacións de vecindade